



## **DECÁLOGO CERMI GALICIA**

### **ELECCIÓNS AUTONÓMICAS 2016**

1. **Incorporar persoas con Discapacidade nas listas que presenten os distintos partidos e formacións aos comicios autonómicos**
2. **Garantir o mantemento das actividades das entidades do movemento asociativo da Discapacidade.**
  - a) Establecer un sistema de financiamento estable que non dependa das circunstancias da situación económica.
  - b) Garantir a sostibilidade dos servizos e programas vinculados á Discapacidade.
  - c) Manter os anticipos cara a solucionar as dificultades de financiamento coas entidades de crédito
  - d) Compromiso de non atraso en pagamentos de contratos, subvención, etc.
  - e) Análise previa das necesidades de recursos e posibles solucións cos representantes do sector con tempo abondo para que as decisións sexan consensuadas cos representantes dos colectivos.
  - f) Leí 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, no marco do Concerto Social, o feito de que tódolos prezos públicos se entendan a tódolos efectos prezos finais, ó marxe de que a entidade prestadora do servizo estea ou non exenta do IVE.
  - g) Depurar o censo de persoas con Discapacidade e actualización das estatísticas, buscando deste xeito unha distribución máis equitativa e xusta dos recursos que reciban.
3. **Aplicar e adaptar a normativa de Galicia á Convención internacional dos Dereitos das persoas con Discapacidade - Convención ONU.**
4. **Incrementar a nosa participación no seguimento dos Programas Operativos dos Fondos Sociais Europeos 2014-2020- FSE.**
5. **Impulsar a creación dunha Rede de Desenrolo rural, coa participación das entidades do movemento asociativo da Discapacidade**
6. **Crear unha Comisión Permanente da Discapacidade no Parlamento.**
7. **Instar o Parlamento ó impulso de modificación da Lei de Propiedade Horizontal Estatal.**
8. **Materia de Servizos Sociais**
  - a) Instar o goberno autonómico a impulsar a curto prazo, o desenrolo da Lei 8/2016 de Servizos Sociais de Galicia, concretamente no que atinxe o Concerto Social,
  - b) Potenciar e facer efectiva a xestión dos servizos sociais mediante o impulso ás entidades do Terceiro Sector.
  - c) A pobreza e a Discapacidade son dous factores de risco potencialmente demoledores nunha familia, e máis cando se acumulan. Traballar de xeito específico neste ámbito dá intervención social con programas propios.



## **9. Autonomía personal e DISCAPACIDADE**

- a) Buscar solucións a prazo curto para as necesidades daquelas persoas non atendidas polo SGAAD.
- b) Clarificar e cumprir a normativa de Dependencia, e simplificar e optimizar de Carteira Servizos, adaptando perfís e servizos á realidade.

## **10. Materia de Educación**

- a) Formación permanente do profesorado e dos especialistas de apoio ao alumnado con discapacidade e dotación axeitada e suficiente de recursos educativos.
- b) Desenvolvemento de liñas e medidas que promovan de xeito apropiado o salto da etapa educativa o emprego.
- c) Impulsar accións de sensibilización e coñecemento, en aras de fomentar a integración do alumnado con Discapacidade,

## **11. Materia de Saúde e espazo socio-sanitario**

- a) Desenvolvemento dun espazo **Socio-sanitario e un Plan Autonómico de Atención Sociosanitaria ás Persoas con Discapacidade** e ás súas Familias.
- b) Garantir unha cobertura sanitaria adaptada ás necesidades de cada persoa e ás peculiaridades do colectivo de persoas con discapacidade.
- c) Actualización do catálogo de prestacións ortoprotésica e revisión do procedemento de reembolso de gastos.
- d) Potenciación dos servizos e tratamentos dos enfermos crónicos e das persoas que sofren enfermidades raras; con especial incidencia nos tratamentos especializados, no copagamento e na investigación.

## **12. Materia de Formación e Emprego**

- a) Apoio decidido e estable ás políticas de inserción laboral e Emprego con apoio na empresa ordinaria para persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social realizadas por organizacións do Terceiro Sector.
- b) Blindar os servizos de orientación laboral e continuar coa posibilidade de acordar Accións Formativas específicas para Desempregados. (AFD)
- c) Potenciar os centros especiais de emprego de iniciativa social, como medida de tránsito o emprego ordinario e emprego estable, para as de meirande dificultade de inserción
- d) Explorar e, no seu caso, implantar a formación dual, para mellorar a empleabilidade das persoas con discapacidade.
- e) Aplicación efectiva da reserva de contratos das administracións públicas.
- f) Prohibición á Administración Galega de contratar o recibir subvencións con empresas que non cumpran a cota legal de reserva de emprego para persoas con discapacidade establecida legalmente ou ás súas medidas alternativas

## **13. Materia de Accesibilidade.**

- a) Desenvolver o Decreto que regule a nova Lei de Accesibilidade nos primeiros meses do ano 2017.
- b) Crear un Comité e/ou unha Comisión de seguimento da Lei 10/2014 de Accesibilidade, con representación do sector da discapacidade organizada.
- c) Instar ás administracións a cumprir coa accesibilidade nos transportes de viaxeiros.



**14. Potenciar, recoñecer e facilitar as liñas, linguaxes e distintos formatos de Comunicación, propias dalgunhas discapacidades.**

- a) Recoñecer e regular, no ámbito autonómico, os sistemas aumentativos e alternativos de comunicación que faciliten e permitan o acceso e comprensión da información, así como aumentar as posibilidades de comunicación da cidadanía
- b) Elaborar e aprobar os Decretos sobre a Lei da Lingua de signos española.
- c) Instar á CRTVG a que cumpra coa lei xeral da comunicación audiovisual (lingua de signos, subtulado e audiodescripción).
- d) Impulsar o coñecemento dos pictogramas e fomentar a lectura fácil, de cara a unha mellor comprensión das persoas con dificultades cognitivas e de comprensión.

**15. Seguir co desenvolvemento do Plan da Estratexia Galega sobre Discapacidade 2015-2020(ESGADI)**

- a) Garantir unha asignación orzamentaria para o seu efectivo desenvolvemento, a partires dos resultados dunha avaliación externa do Plan.

**16. Diálogo civil cas Entidades do Terceiro Sector**

- a) Implementar e traballar de forma profesional, próxima, proactiva e coordinada entre estas entidades e o CERMI, como entidade que representa o movemento da discapacidade en Galicia.
- b) Desenvolver un plan de apoio ao Terceiro Sector.

**17. Impulsar e dar visibilidade, a través de campañas de sensibilización, á Imaxe das persoas con Discapacidade**

**18. Loitar contra o xogo ilegal como elemento que ataca a dignidade e a consideración das persoas con Discapacidade en Galicia.**

**19. Incrementar e fomentar a participación da Muller con Discapacidade e loitar contra calquera modelo de discriminación.**

**20. Cooperación entre institucións. Implementar, promover, facilitar e coordinar o I+D+I coas Universidades, entidades de discapacidade e empresas do sector tecnolóxico.**